

1. A Unión Europea en Galicia. "Xuntos por un futuro común"

1.1 Que é a Unión Europea (UE)?

A Unión Europea é unha organización económica e política de carácter supranacional, composta por 27 Estados que decidiron colaborar en paz na procura dun benestar común. Estes Estados membros comparten leis, proxectos, valores, dereitos e institucións comúns, creando un espazo no que desfrutamos dunha:

- Liberdade de circulación de persoas e bens
- Cidadanía europea
- Defensa dos dereitos humanos
- Igualdade entre homes e mulleres
- Solidariedade e cooperación entre os pobos

Todo isto baséase en dous grandes textos:

Tratado da Unión Europea (TUE)

Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE)



1.2 Por que se creou a Unión Europea?

Para entender a creación da Unión Europea, cómpre botar a vista atrás. Durante séculos, Europa foi escenario de conflitos case constantes. O máis devastador foi a Segunda Guerra Mundial (1939–1945), na que morreron millóns de persoas e o continente quedou totalmente arrasado.

Despois da guerra, líderes europeos como **Robert Schuman**, **Konrad Adenauer** ou **Jean Monnet** decidiron deixar atrás os odios e rivalidades entre países. Estaban convencidos de que a mellor maneira de evitar novos conflitos era a cooperación entre os estados.

Así, en 1951, seis países —Francia, Alemaña Occidental, Italia, Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo— crearon a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA). Esta foi a primeira semente do que hoxe coñecemos como Unión Europea.

Un dato para reflexionar

Pensa no enorme cambio: só seis anos antes, estes mesmos países estaban en guerra entre si.



Robert Schuman

EXERCICIO

Investiga a doutrina Schuman e explica por que se considera fundamental para a construción e o mantemento da paz en Europa.


Francia e Alemaña mantiveron unha longa rivalidade histórica. Investiga os principais conflitos que enfrontaron ambos os países desde a época napoleónica e compara esa situación coa súa relación desde a creación da Unión Europea.

1.3 Evolución da Unión Europea

A Unión Europea foi evolucionando desde os seis Estados fundadores en 1957, coa sinatura do Tratado de Roma e a creación da **Comunidade Económica Europea**, ata os 27 Estados que a conforman na actualidade. Cada ampliación supuxo a integración de novos pobos, linguas e culturas baixo uns valores comúns, xerando novas oportunidades e progreso social e económico para todos os países e a súa cidadanía.

Ampliacións	Data	Países incorporados	Total membros
Fundadores	1957	Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Países Baixos	6
1ª ampliación	1973	Dinamarca, Irlanda, Reino Unido	9
2ª ampliación	1981	Grecia	10
3ª ampliación	1986	España, Portugal	12
4ª ampliación	1995	Austria, Finlandia, Suecia	15
5ª ampliación	2004	Chequia, Chipre, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Eslovenia, Eslovaquia	25
6ª ampliación	2007	Bulgaria, Rumanía	27
7ª ampliación	2013	Croacia	28
Saída	2020	Reino Unido	27

Países candidatos para a entrada na UE: Albania, Macedonia do Norte, Montenegro, Serbia, Moldavia, Ucraína, Turquía



EXERCICIO

No ano 2020 o Reino Unido saíu da Unión Europea. Pensas que mellorou a vida da poboación británica desde esta saída? Analiza os pros e os contras

1.4 Institucións e toma de decisións na Unión Europea


Comisión Europea

- Órgano executivo (goberno) e único con poder de iniciativa lexislativa (proposición de leis).
- Propón leis, xestiona o presuposto, executa políticas e supervisa a súa aplicación.
- Representa a UE no exterior
- Está formada por 27 comisarios e comisarias, un/unha por cada Estado membro, e actualmente (ano 2026) a súa presidenta é Ursula von der Leyen.



Comisión Europea. Edificio Berlaymont (Bruselas)

Parlamento Europeo



*Parlamento Europeo.
Edificio Louis Weiss (Estrasburgo)*

- Representa a cidadanía da UE mediante eleccións por sufraxio directo cada cinco anos.
- Ten o poder lexislativo e orzamentario, comparte o control da Comisión e debe aprobar os acordos internacionais ou de adhesión.
- O número de eurodeputados/as por cada país é aproximadamente proporcional a súa poboación. Ningún Estado pode ter menos de 6 nin máis de 96 eurodeputados/as, e o número total non pode ser superior a 751 (750 máis Presidente/a). Actualmente o número é de 720 deputados e deputadas.
- España escolle 61 eurodeputados/as, tendo unha circunscrición única para todo o Estado español. A idade mínima para poder exercer o dereito o voto son os 18 anos.

EXERCICIO.

En España a idade mínima para votar son os 18 anos, sendo un dereito voluntario, pero iso non é igual no resto de Estados da Unión. Investiga a idade mínima para votar noutros Estados e se nalgún caso o voto é obrigatorio. Que opinas do límite de idade e da obrigatoriedade do voto? Pensas que cada estado pode ter os seus condicionantes ou debería existir unha lei electoral europea cos mesmos requisitos para todos os países?

Consello da Unión Europea (ou Consello de Ministros e Ministras)

No Consello, os **ministros e ministras de cada país da UE** reúnen-se para debater, modificar e adoptar leis que permiten coordinar as políticas da Unión coas políticas nacionais. Cada ministro e cada ministra, segundo o seu ámbito (economía, medio ambiente, defensa etc.), ten competencias para **asumir compromisos en nome do seu Goberno** en relación coas actuacións acordadas nas reunións.

- Xunto co Parlamento adoita aprobar lexislación.
- Coordina as políticas dos Estados membros.
- Desenvolve a política exterior e de seguridade, seguindo as directrices do Consello Europeo.
- Celebra acordos entre a UE e outros países ou organizacións internacionais.
- Xunto co Parlamento Europeo, aproba o orzamento da UE.

O Consello Europeo

- Está formado polas persoas titulares da xefatura de Estado ou de Goberno dos Estados membros, xunto co presidente ou presidenta da Comisión e o/a presidente/a do propio Consello.
- Representa o nivel máis elevado de cooperación política entre os Estados da UE.
- Marca as orientacións políticas xerais da UE, pero non elabora leis.
- Establece a política exterior e de seguridade común.

Tribunal de Xustiza da UE (TXUE)

- É o órgano xurisdiccional supremo da UE.
- Interpreta o dereito comunitario e garante a súa aplicación uniforme nos países membros.
- Resolve os litixios entre os gobernos nacionais e as institucións europeas. Tamén poden acudir ao Tribunal as persoas particulares, empresas e organizacións que crean vulnerados os seus dereitos.

Banco Central Europeo

O Banco Central Europeo (BCE) xestiona o euro e formula e aplica a política económica e monetaria da UE.

A súa principal finalidade é manter os prezos estables, fomentar o crecemento económico e apoiar a creación de emprego.

EXERCICIO

*Hai algún Estado da Unión que non teña o euro coma moeda?
Desde cando empregamos o euro en España?*

Tribunal de Contas

O Tribunal de Contas comproba que os fondos da UE se empreguen correctamente, contribuíndo a mellorar a xestión financeira e exercendo un control financeiro dos recursos.

1.5 A representación da cidadanía nas institucións da UE

Presidentas e presidentes das principais institucións europeas (febreiro 2026):

- Presidenta do Parlamento Europeo: Roberta Metsola
- Presidente do Consello Europeo: António Costa
- Presidenta da Comisión Europea: Ursula von der Leyen
- Presidenta do Banco Central Europeo (BCE): Christine Lagarde
- Presidenta do Banco Europeo de Investimentos (BEI): Nadia Calviño

A composición do Parlamento Europeo tras as eleccións de 2024 amosa que arredor do 61 % dos eurodeputados son homes e o 39 % mulleres, polo que aínda non existe unha igualdade de xénero completa. Pola contra, na representación española no Parlamento Europeo hai unha presenza equilibrada de mulleres e homes, cun 50 % de cada un.

EXERCICIO

Imaxina que España decida saír da Unión Europea... Pensas que este feito podería afectar a túa vida diaria?


1.6 Entrada de España na UE e impacto en Galicia.

No ano **1986** España e Portugal ingresaron na **Comunidade Económica Europea**, que a partir do **1993** adoptará a denominación de **Unión Europea**.

Este feito transformou de xeito notable o nivel de vida, a renda e o desenvolvemento de ambos os países, que converxeron notablemente coa media comunitaria. Así, a Galicia de hoxe pouco ten que ver coa de 1986.

O uso dos fondos europeos xerou:

- A modernización da agricultura, a gandaría e a pesca a través da **PAC** e do **Fondo Europeo Marítimo e de Pesca**.
- A creación e mellora de infraestruturas de transporte (como estradas, portos e conexións ferroviarias).
- O desenvolvemento do ámbito rural, pero tamén de zonas urbanas.
- O impulso da industrialización e a adaptación á normativa europea.
- A mellora da calidade de vida, grazas ao fortalecemento dos servizos sanitarios, educativos e sociais.
- A mellora da calidade do emprego.
- O fomento da igualdade.



Se queres máis información podes entrar nas seguintes páxinas

<https://www.europarl.europa.eu/about-parliament/es/home>

https://commission.europa.eu/index_es

<https://www.consilium.europa.eu/es/european-council/>